



VERBAS DE SAL

Antonio García Teijeiro

Ilustracións de Alberto Vázquez


MERLÍN (1343204)

56 páxinas, conto, Cartonado

ISBN: 978-84-9914-108-4

P.V.P: 12,85 €

NOVIDADES XANEIRO 2011



« VERBAS DE SAL » DE ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO A HISTORIA DE DON EVARISTO, O HOME QUE AMA AS VERBAS DE SAL

“VERBAS DE SAL”, DE ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO, ILUSTRADO POR ALBERTO VÁZQUEZ
NINGUÉN SABE COMO CHEGOU DON EVARISTO A VILAMOLLADA. O QUE SI É CERTO É QUE CHEGOU. E POR ELA
ANDA SEN METERSE CON NINGUÉN.

Vilamollada é unha vila máis ben pequena, con nubes negras e brancas que tinguen de gris as súas rúas estreitas, cun sol morno que aloumiña os tellados das casas e unha choiva que se perde no mar, facéndolle cóxegas ás ondas. Vilamollada tamén ten unha taberna, unha escola e unha biblioteca pechada, e... o seu tolo. Si, Vilamollada ten o seu tolo como todas as vilas. Ou iso din algúns.

Don Evaristo, que así se chama o suposto tolo, vive só nun cuarto alugado da Pensión Malola, unha das máis cutres de Vilamollada.

Antonio García Teijeiro (Vigo 1952) é mestre e exerceu a crítica como especialista de literatura infantil nos xornais e revistas máis importantes de Galicia. Ten publicada unha extensa obra poética para nenos e mozos, entre a que podemos citar obras como: “Coplas”, “Nenos”, “Aloumiños”, “As catro estacións”, “Ventos” (Xerais 1992), “Cacarabín, Cacarabón”, “Poemas do Sol e da Lúa”, “Lueiro de papel” (Xerais 1995), “Na fogueira dos versos” (Xerais 1996), Premio Merlín 1996, Lista de Honra do IBBY 1997 e Premio Pier Paolo Vergerio 1998; “Caderno de fume” (1999); “Palabras envoltas en cancións” (2000); “O que ven os ollos dos nenos” (Xerais 2001), prosa poética; e a antoloxía poética “Os nosos versos” (1997, Xerais 2003) e “Chove nos versos” (2004). No eido da narrativa para mozos e mozas ten publicado, entre outras obras: “A chave dos soños”, “Noa”, “O cabalo de cartón”, “A teima de Xan”, “Fantasía en Re Maior”, “Sempre quente o sol”, “Ladrándolle a lúa”, “Cara un lugar sen nome”, “En voz baixa” (Xerais, 1998), “Os peixes de cores” (Xerais 2002), “Trala liña do horizonte” (2002), “Honorato, o rato namorado” (Xerais, 2007) e “Verbas de sal” (Xerais, 2011). Tamén preparou a Antoloxía de Celso Emilio Ferreiro (Xerais 1989).

Alberto Vázquez